

exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario o 29 de marzo ata o 29 de maio de 2017

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e deveñaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan

Monforte de Lemos, 28 de marzo de 2017.- O Alcalde-Presidente, José Tomé Roca

R. 0960

PARADELA

Anuncio

O Pleno deste Concello aprobou inicialmente, na sesión ordinaria do día 30 de marzo de 2017, a ORDENANZA REGULADORA DE VENTA AMBULANTE NO CONCELLO DE PARADELA. En cumprimento do disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, exponse ao público na Secretaría deste Concello polo prazo de trinta días, contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio, para os efectos de que durante este tempo poidan formular as reclamacións e suxerencias que consideren pertinentes, que deberán ser dirixidas ao Sr. Alcalde desta Corporación.

Paradela, 31 de marzo de 2017.- O Alcalde, José Manuel Mato Díaz

R. 0961

A POBRA DO BROLLÓN

Anuncio

Acordo do Pleno de 27 de marzo de 2017, do concello da Pobra do Brollón polo que se crea ficheiro de datos de carácter persoal.

O artigo 20 da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, establece que a creación, modificación ou supresión dos ficheiros das Administracións Públicas solo poderán facerse por medio de disposición xeral publicada no «Boletín Oficial do Estado» ou diario oficial correspondente.

A entrada en vigor do Regulamento de desenvolvemento da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, aprobado mediante o Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro, engadiu, a través dos artigos 53 e 54, algunhas novidades en cuanto a forma e contido da disposición, destacando a necesidade de especificar o sistema de tratamento do ficheiro, podendo ser automatizado, non automatizado ou parcialmente automatizado.

En exercicio das competencias que teño atribuídas, e a fin de cumprir o establecido no artigo 20 da mencionada Lei, así como do artigo 52 do Regulamento de desenvolvemento da mesma, dispoño:

Primeiro .- O ficheiro do concello da Pobra do Brollón será o contido no anexo deste acordo de Pleno.

Segundo .- Crease o ficheiro incluído no ANEXO I deste acordo, en cumprimento do artigo 20 de la Lei Orgánica 15/1999 e o artigo 54.1 do Regulamento de desenvolvemento.

Terceiro .- O ficheiro que se recolle nos anexos deste acordo, rexeranse polas disposicións xerais e instrucións que se detallan para cada un deles, e estará sometido, en todo caso, as normas legais e regulamentarias de superior rango que lles sexan aplicables.

Cuarto .- En cumprimento do artigo 55 do Regulamento de desenvolvemento da Lei 15/1999, o ficheiro será notificado para a súa inscrición no Rexistro Xeral de Protección de Datos no prazo de trinta días dende a publicación deste acordo no Boletín Oficial da Provincia.

Quinto .- O presente acordo entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

A Pobra do Brollón, 29 de marzo de 2017.- O Alcalde, José Luis Maceda Vilariño

ANEXO I

Ficheiro de nova creación

Ficheiro: ESCOLA DE MÚSICA